CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e produci3ns motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situaci3n que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Desenvolve acci3ns que conduzan a situaci3ns de vantaxe con respecto 3 persoa adversaria, nas actividades de oposici3n.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible sa3da profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da sa3de, o gozo, a autosuperaci3n e as posibilidades de interacci3n social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empat3a ao asumir e desempe3ar distintos roles relacionados con elas.	Facilita a integraci3n doutras persoas nas actividades de grupo, animando 3 s3a participaci3n e respectando as diferenzas.		
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestaci3ns motrices m3is relevantes no panorama actual, analizando as s3as orixes e a s3a evoluci3n ata a actualidade e rexeitando aqueles compo3ntes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Formula e pon en pr3ctica iniciativas para fomentar o estilo de vida activo e para cubrir as s3as expectativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais no contorno natural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física.</li> <li>- Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal.</li> <li>- Saúde mental.</li> <li>- Trastornos vinculados coa imaxe corporal.</li> <li>- Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais.</li> <li>- Selección responsable e sustentable do material deportivo.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.</li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.</li> <li>- Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes.</li> <li>- Técnicas específicas de expresión corporal.</li> <li>- Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.</li> <li>- Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade.</li> <li>- Saídas profesionais no ámbito deportivo.</li> <li>- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Organizamos nosa propia competición deportiva	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas.	TI	100
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Resolve con eficacia situacións motoras nun contexto competitivo		
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	2. Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.		
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	. Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.		
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para prever e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Formula estratexias ante as situacións de oposición ou de colaboración-oposición, adaptándoas ás características das persoas participantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional.



## Contidos

- Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares).
- Toma de decisións.
- Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Mercado, consumismo e deporte.
- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.
- Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A estrutura das sesións será diferente á convencional onde só existían as tres partes propias dun adestramento: o quecemento, a parte principal de actividade física e a volta á calma.

As sesións estarán divididas en tres partes: círculo inicial, parte práctica e círculo final.

Círculo inicial: primeiro momento da clase duns 5 minutos de duración onde se explicarán os obxectivos da sesión e aqueles contidos conceptuais necesarios para a parte práctica.

¿Parte práctica: é o momento de compromiso motor, a parte máis importante da clase. Esta parte divídese a maneira convencional (quecemento, parte principal e volta á calma).

Círculo final: último momento moi breve da clase, onde se reúne a todo o grupo para reflexionar sobre algún aspecto importante da clase e despedirse.

Búscase que as sesións potencien o espírito crítico a través de reflexións individuais e colectivas. Para isto é necesario que o alumno saiba que está a facer, como e con que obxectivo, na búsqueda dunha implicación maior nas diferentes actividades.

Quérese acadar o desenrolo integral do individuo, e que este sexa capaz de desenvolverse na sociedade dunha maneira autónoma, utilizarase para isto unha metodoloxía predominantemente global, baseada en estilos non directivos (resolución de problemas, ensinanza recíproca, descubrimento guiado) e buscando que pouco a pouco o alumno vaia adquirindo maiores responsabilidades.

As tarefas que se propoñan serán abertas ou semiabertas naqueles contidos máis axeitados para fomentar a creatividade como é o bloque de expresión corporal e de xogos cooperativos. Na de xogos e deportes as tarefas serán semiabertas. As tarefas pechadas utilizaranse nos momentos onde se queira iniciar un aprendizaxe específico ou exista risco na seguridade do alumnado.

Buscarase aproveitar o máximo todos os recursos que nos ofrece o centro e os seus arredores, xa non só no que se refire a material senón tamén as posibilidades de utilización dos diferentes espazos. Con isto pretendese facer ver ao alumnado que non son necesarios medios moi sofisticados para a práctica de actividade física.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos que se van a utilizar son:

Documentos escritos para complementar os contidos máis teóricos: en todos os cursos.

DVDs con películas onde, nun contexto de actividade física e deporte, trátase sobre prexuízos de xénero, racismo, tolerancia e deportividade.

Artigos onde se tratan temas como a violencia no deporte, a muller e o deporte, valores positivos no deporte, enfermidades asociadas a malos hábitos, etc.

Ordenador e canón de vídeo: para plantexar algúns contidos teóricos e para a visualización, por parte do alumnado, do resultado dalgúns exámes prácticos (cando esta visualización posterior favoreza a aprendizaxe).

Diferentes páxinas web para traballar contidos relacionados coa saúde (Exemplo: portal educativo da xunta, aula virtual da web do centro,...)

Música para traballar contidos de expresión corporal, ritmo, condición física,...

Material propio dun ximnasio onde se imparte E.F.

Instalacións deportivas, dúas canchas, unha delas exterior e un ximnasio.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Comézase o curso coa avaliación inicial facendo Xogos cooperativos e que nos da información, aínda que xeral.

Durante o desenvolvemento destas sesións o profesorado avalía ao grupo a nivel xeral (información necesaria para o desenvolvemento das clases de E.F.) e a cada alumno e alumna en particular (información necesaria para ter como referencia na avaliación do PROCESO).

### AVALIACIÓN INICIAL XOGOS COOPERATIVOS QUE AVALIAR INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

GRUPO-CLASE - Dinámica xeral do grupo

- Grado de cohesión social
- Posibles liderazgos e tipos de liderazgo
- Posibles actitudes negativas cara alguén do grupo

### ESTUDANTE

- G - Grado de participación na resolución dos retos
- G -Grado de tolerancia á frustración
- N -Nivel de integración cos seus compañeiros e compañeiras
- C -Capacidade de escoita
- C -Capacidade creativa

Cada unidade didáctica implica unhas capacidades e habilidades diferentes, por iso necesitamos a 1ª sesión de cada U.D. para facer a avaliación inicial dunhas habilidades e capacidades máis específicas.

A primeira sesión de cada U.D. ten en común a proposta de diferentes xogos e actividades que engloban as capacidades e habilidades necesarias para o seu desenvolvemento.

O profesorado identifica os diferentes niveis que existen dentro da clase anotándoo na planilla de observación.

Esta información é fundamental para saber de que nivel motriz parten e organizar as clases tendo en conta as diferentes escalas de aprendizaxe.

¿

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	36	14	10	10	10	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Para poder acadar a máxima calificación na materia, 10 puntos, é necesario:

- Acadar o 30% dos puntos polo PROCESO: ter adquirido hábitos de hixiene e seguridade, amosar actitudes de esforzo e superación persoal, participar activamente nos exercicios, xogos e deportes plantexados nas clases, cooperar cos compañeiros nas tarefas da clase e axudarse no proceso de aprendizaxe, respectar as normas de clase e as regras dos xogos e deportes practicando o *lxogo limpo*, respectar aos compañeiros, á profesora ase coma o material escolar.

- Acadar o 70% dos puntos polo RESULTADO: amosar dominio das habilidades motrices específicas traballadas na clase; acadar un nivel de condición física acorde coa súa idade e as súas posibilidades, corrección postural na execución de exercicios físicos. Adquirir os coñecementos teóricos traballados na clase e saber aplicalos nos acontecementos da vida diaria.

Para o alumnado lesionado ou enfermo que non poida realizar a parte práctica traballará contidos teóricos durante a clase e avaliáranse os seus coñecementos teóricos.

Para obter unha avaliación positiva e superar a materia é necesario sacar un 5 sobre 10 na media entre a nota do proceso e a do resultado.

O núcleo central da avaliación do PROCESO será a actitude de superación individual e cooperación grupal. A esta nota central sumaráselle ou restaráselle puntos en función das seguintes actitudes:

As actitudes a mellorar restarán 0,3 puntos sobre 10 na nota final do PROCESO.

Considéranse actitudes a mellorar:

Non ter adquiridos hábitos de hixiene diarios: non asearse ao final das clases; facer a actividade física sen quitar pendentes, cadeas ou calquera obxecto metálico que poña en risco a seguridade do alumnado, comer chicle, etc

Realizar accións motrices que supoñen un perigo para a súa saúde ou para a dos demais compañeiros e compañeiras.

Faltar o respecto a compañeiros ou profesora levemente

Persistir coa mesma conduta despois da chamada de atención da profesora

Non respectar as normas do xogo limpo.

Non coidar o material escolar nin utilizalo para o fin ao que foi destinado

Interromper repetida e inoportunamente á profesora ou compañeiros nas súas explicacións, etc.

As actitudes positivas sumararán 0,4 puntos sobre 10 na nota final do PROCESO.

Considéranse actitudes positivas cando de xeito habitual o alumno ou alumna manifeste as seguintes condutas:

Colocar e recoller o material necesario para as clases prácticas.

Favorecer a integración dos compañeiros no grupo e corresponsabilizarse na súa aprendizaxe.

Amosar actitudes de xogo limpo tanto no papel de espectadores como no de participantes

Respectar as decisións arbitrais

Amosar actitudes de respecto e conservación do entorno onde se desenvolven as actividades físicas.

Implicarse no traballo en equipo amosando iniciativa e creatividade.

As faltas graves terán repercusión na avaliación pois restarán 1 punto na nota final do PROCESO.

Considéranse faltas graves:

Faltar o respecto gravemente a compañeiros ou profesora (sancionado cun parte)

Causar desperfectos ou maltratar intencionadamente o material escolar (sancionado cun parte)

Non facer a clase práctica sen motivo xustificado:

Unha vestimenta deportiva axeitada (zapatillas deportivas axustadas ao nocello e chándal ou pantalón corto) é fundamental para poder participar nas clases de E.F. polo que o incumprimento desta norma será sancionada na avaliación con 0.4 puntos.

Cada vez que non se poda realizar a práctica por enfermidade ou lesión deberase traer un xustificante médico.

¿

### **Criterios de recuperación:**

Se suspenden algún trimestre teñen a posibilidade de aprobar a materia ao final de curso recuperando aquelas partes non superadas. Na parte das habilidades motrices hai que superar uns mínimos de execución para obter unha cualificación positiva no proceso, así como superar con éxito a proba de resistencia respectiva de cada nivel.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Cando se aproben as primeiras dúas avaliacións considerase aprobada a asignatura pendente.

En caso contrario deberase facer a proba de resistencia dos 25 minutos e un examen global dos contidos do ano anterior

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Ao longo do curso e en todas as unidades didácticas empréganse diferentes estratexias de atención á diversidade. A diversidade enténdese como todas aquelas cualidades que fai de cada alumno un ser único e, polo tanto, diferente aos demais; tanto sexa por capacidades intelectuais e físicas como por habilidades, xénero, orixe cultural, aspecto físico, etc.

Tendo en conta este concepto de diversidade utilizamos as seguintes medidas para atender as diferenzas:

¿ Os agrupamentos maioritariamente serán heteroxéneos e variaranse unha ou dúas veces durante o curso. Preténdese fomentar o traballo cooperativo e comprender e valorar a diversidade. Consegúrase se son capaces de vivir a diversidade dunha forma continuada, dando tempo a que o alumnado se coñeza entre eles e sexan capaces de aproveitar as cualidades de cada un en beneficio do grupo.

¿ Unha das finalidades das clases é traballar para que o grupo clase coñeza e respecte as características individuais de cada un dos compoñentes. Para isto propóranse diferentes estratexias onde o alumnado ten que colaborar no proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus compañeiros de grupo.

¿ En diferentes unidades didácticas promóvense experiencias nas que para conseguir un obxectivo se necesite a participación e colaboración de todos os membros do grupo.

¿ Ao final das sesións reflexionárase e analizarase a experiencia vivida na aula, aproveitando calquera situación onde a diferenza enriqueceu ao grupo para facelo explícito.

¿ A programación ten en conta a diversidade de xéneros e afinidade pois intenta alternar no mesmo trimestre unidades didácticas de habilidades e capacidades moi diferentes (condición física con xogos populares, expresión corporal ou ritmo con deportes colectivos, actividades na natureza con deportes). Búscase que o alumnado máis hábil nuns contidos sintase noutros necesitado de axuda. Desta maneira non sempre é o mesmo alumnado o necesitado da axuda dos seus compañeiros e a riqueza da diferenza faise máis explícita.

¿ As tarefas de todas as unidades didácticas organízanse buscando a integración de todo o alumnado, independentemente do seu nivel de habilidade. Fanse adaptacións individualizadas das regras ou normas dos xogos ou exercicios en función das necesidades de cada alumno ou alumna, para facilitar ou dificultar a tarefa según conveña.

Existen outras diferenzas máis salientables como o descoñecemento da lingua, os trastornos do comportamento, diferentes grados de autismo, etc. que se abordan utilizando as directrices que veñen na web (incluídos na programación de orientación) e os documento e información proporcionados polo equipo de orientación para cada caso en particular.

No caso dos alumnos con TDAH tomaranse entre outras as seguintes medidas:

- Supervisar frecuentemente a realización das actividades, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu .
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira ¿responsable¿, para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos).
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

No caso dos alumnos co T. Asperger:

- Fomentar as competencias e habilidades sociais. Cobra unha gran relevancia o xogo cos iguais como ferramenta de desenvolvemento da interacción social.
- Ter en conta os intereses e preferencias do alumno-a propoñéndolle actividades atractivas, que poidan servir de reforzo para outras mais relevantes.
- Proporcionarlle unha atención individualizada cunhas estratexias claras e comúns.
- Darlle tempo suficiente para que poida emitir unha resposta.
- Axudar a que perciba as consecuencias dos seus actos, proporcionándolle criterios de éxito sempre e cando sexa posible.

Co alumnado de etnia xitana tratarase de potenciara a adquisición de habilidades, hábitos e normas que faciliten a inclusión escolar dos alumnos.

No caso de dous alumnos cun retraso mental leve tratarase de:

- Traballar a autonomía persoal, xa que neste colectivo son moi acusados aspectos tales como a sobreprotección.
- Proporcionarlles un extra de motivación, xa que o esforzo que lles supoñen moitas tarefas fai que se incorporen ás actividades con maior dificultade.
- Axudarlles potenciar a autoestima, elemento fundamental para o equilibrio de calquera persoa.
- Asumir o seu propio corpo, xa que, en moitas ocasións, as persoas con discapacidade intelectual o ven como algo imperfecto e estenden esta visión a outros aspectos da súa personalidade.
- Traballar a autonomía persoal.

Nos casos de alumnos de incorporación tardía en Educación física tratarase de organizar para que participen canto antes nas responsabilidades compartidas da clase xestionando dinámicas, se fose necesario, para que os compañeiros axuden a integración e participación destes alumnos no grupo.

En alumnos con desvantaxe Socio-Educativa prestarase especial atención a que dispoñan do necesario para poder participar con normalidade nés sesións e solventar posibles carencias se fose necesario.

No caso de alumnado con discapacidade motora, despois de manter unha entrevista coa familia para obter a maior información posible e valorar as posibilidades de cada un, atendendo en primeiro lugar en relación aos recursos que necesita como adecuación de espazos (baño), facilitación de formas de expresión. A intervención independentemente da súa situación motriz, intentará:

- Potenciar a autonomía persoal desenvolvendo as destrezas motrices, hábitos hixiénicos e de auto coidado establecendo niveis de esixencia progresivos, congruentes e constantes.
- Favorecer a participación activa.
- Fomentar a capacidade de socialización.

¿

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - EXPRESION ORAL E ESCRITA	X					
ET.2 - COMPRENSION DE LECTURA	X	X	X	X	X	X
ET.3 - COMUNICACION AUDIOVISUAL	X	X	X	X	X	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X	X	X	X	X	X
ET.6 - FOMENTO DO ESPIRITU CRITICO	X	X	X	X	X	X
ET.7 - EDUCACION EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X
ET.8 - IGULADADE DE XENERO	X	X	X	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDAD	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
SEMANA BRANCA.	- Temporalización : Unha semana no 2º trimestre. Do 24 de Febreiro ao 3 de Marzo - Custo. 600€ aproximadamente. - Cursos: 1º BACHARELATO. - Lugar: Andorra. - Obxectivos: Practica do esquí de pista nun entorno e cunha climatoloxía moi diferente á habitual, aumentando o seu repertorio de habilidades motrices así como coñecer a técnica básica do esquí alpino		X	
ROTEIRO POLA PENINSULA DO GROVE.	- Temporalización : Día completo no terceiro trimestre. - Custo. Sobre 10€ de transporte. - Cursos: 1º BACHARELATO.. - Lugar: O Grove - Obxectivos: Fomentar o contacto e ríspeto ó medio ambiente ademais de facer actividades no medio natural.			X
SAIDA A URBAN PLANET.	- Temporalización : 1º trimestre. - Custo. Sobre 10€ - Cursos: 1º BACHARELATO - Lugar: Santiago de Compostela - Obxectivos: Iniciación e práctica dalgunhas habilidades ximnásticas.	X		
SAÍDAS A XIMNASIOS DA LOCALIDADE E A O ENTORNO DO CENTRO	- Temporalización : 1º -2º -3º trimestre durante as sesións de Educación física. - Custo. De balde. - Cursos: 1º BACHARELATO - Lugar: Milladoiro - Obxectivos: Coñecer as posibilidades deportivas que ofrece o entorno. Ademais de coñecer o funcionamento e instalación dun ximnasio.	X	X	
CHARLAS E SESIÓNS PRÁCTICAS DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, CLUBES E DIFERENTES ORGANISMOS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE FÍSICA, SAÚDE E SEGURIDADE VIAL.	- Temporalización : 1º -2º -3º trimestre durante as sesións de Educación física. - Custo. De balde. - Cursos: Tódolos niveis. - Lugar: No Centro. - Obxectivos: Experimentar e profundizar en deportes que habitualmente non se practican non centro.	X	X	X

### Observacións:

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Indicadores de logro

### Descrición:

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente Escala (Indicadores de logro)

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO 1 2 3 4

- 1.- ¿O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2.- ¿Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3.- ¿Consegiuse motivar para aumentar a práctica de AF?
- 4.- ¿Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
- 5.- ¿Contouse co apoio e implicación das familias no traballo alumnado?
- 6.- ¿Mantívose un contacto periódico coa familia?
- 7.- ¿Tomáronse medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?
- 8.- ¿Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
- 9.- ¿Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
- 10.- ¿Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
- 11.- ¿Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado?

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE 1 2 3 4

- 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado
- 2.- ¿Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
- 4.- ¿Elabóranse probas avaliación de distinta dificultade para alumnos NEAE?
- 5.- ¿Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?
- 6.- ¿Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 7.- ¿Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 8.- ¿Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe
- 9.- ¿Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
- 10.- ¿Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os erros?
- 11.- ¿As medidas de reforzo establécense vinculadas aos estándares?
- 12.- ¿Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación?

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica Escala (Indicadores de logro) 1 2 3 4

- 1.- ¿Deseñáronse U.D a partir dos elementos do currículo?
- 2.- ¿Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas?
- 3.- ¿Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 4.- ¿Secuenciáronse os EA para cada unha das U.D?
- 5.- ¿Fixouse un grao mínimo de consecución de cada EA para superar a materia?
- 6.- ¿Asígnouse a cada EA o peso correspondente na cualificación?
- 7.- ¿Vinculouse cada EA a instrumentos para a súa avaliación?
- 8.- ¿Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 9.- ¿Son adecuados os materiais didácticos utilizados?

- 10.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares de aprendizaxe?
- 11.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua
- 12.- Establecéronse criterios para a recuperación exame, avaliación
- 13.- ¿Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 14.- ¿Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 15.- ¿Fixáronse criterios para a avaliación de materias pendentes?
- 16.- ¿Definíronse programas de apoio, recuperación, etc.?
- 17.- ¿Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, EA, instrumentos?
- 18.- ¿Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?
- 19.- ¿Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 20.- ¿Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

## 9. Outros apartados